

## LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons  
Vicente Badenes Plá  
Xosé Baamonde  
Juan Corbacho Valencia  
Alberto Dafonte  
Ana Belén Fernández Souto  
David Formoso Vázquez  
Oswaldo García Crespo  
Julinda Molaes  
Paulino Pérez Feijoo  
José Rúas Araujo  
Montse Vázquez Gestal

## DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Silvia García Mirón  
Xabier Martínez Rolán  
M<sup>a</sup> Isabel Míguez  
Román Pereiro Rguez-Lepina  
M<sup>a</sup> Isabel Moreira Recamán

Acta da sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 31 de maio de 2019, convocada para as 13:00 h en primeira convocatoria e ás 13.30 h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 31 de maio de 2019, ás 13:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

### **Punto 1: Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores**

Apróbanse as actas da sesión ordinaria do Consello de departamento do 30 de abril e a acta do Consello extraordinario do 14 de maio.

### **Punto 2: Informe do director.**

Convocatoria das bolsas de colaboración cos departamentos. Pediranse dúas, á espera que nos concedan unha. Alumnado do último curso de grao ou primeiro ano de mestrado (que non cursara outro previamente).

### **Punto 3: Avaliación de Producción de Investigación e Producción de Transferencia correspondente aos anos 2017 e 2018.**

Unha vez enviados os méritos por parte do profesorado, pídese a validación do departamento que validou os méritos que enviou o profesorado. Haberá un período de reclamacións no caso de detectarse algún erro cando lle cheguen os resultados a cada docente.

Apróbase

### **Punto 4: Rolda de intervencións.**

O profesor Paulino Pérez manifesta a necesidade de facer unha reflexión sobre o tema da docencia dos asociados. Considera que debe respectarse o perfil docente polo que gañaron as súas prazas, tendo en conta que, precisamente, o seu valor vén determinado pola súa especialidade. Entende que debe haber

unha prioridade e categorías, pero este ano aplicouse o grao de doutor entre os asociados para marcar prioridades o que obrigou a cambiar algunha docencia.

A secretaria infórmalle que o grao de doutor entre asociados non é algo novo, outra cousa é que ata agora non se aplicase. E, por outra banda, recorda que, en ocasións, os asociados tamén collen docencia de “recheo” para ter docencia todo o ano sen ter en conta esa suposta “especialización”.

O profesor Alberto Dafonte manifesta que ambas as cuestións no son incompatibles.

A profesora Ana Amorós recorda que hai profesorado asociado que colle anacos de materias nas que non están especializados para ter docencia todo o ano. Tamén hai docentes que teñen descontos e deben deixar materias que despois volven recuperar. Estas cuestións poderíanse solucionar con invitados porén non haberá neste curso, polo que a situación complícase.

O profesor Juan Corbacho lembra que hai poucas opcións mentres os criterios de prelación sexan os que xa están establecidos (categoría e antigüidade), xa que, o profesorado que ten que asumir máis docencia, elixe a que considera máis conveniente para el e, en moitos casos, iso significa desprazar a un asociado.

O profesor David Formoso cre que habería que harmonizar os dereitos dos docentes fixos e asociados, aínda que reconece que é complicado.

Sen máis intervencións, levántase a sesión ás 14:15 horas.

En Pontevedra, 31 de maio de 2019

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal